



Segundo exame: parte común

Instrucións en galego

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta número 6.
A pregunta número 6 é unha pregunta de reserva.
- Tes **media hora** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Solo 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
 - Opción número 1:
Se tes que facer o exame de galego,
deixa o cuestionario no chan,
e espera as instrucións das persoas da organización.
 - Opción número 2:
Se non tes que facer o exame de galego,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregarache
a copia da folla de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Un celador do Hospital Clínico de Santiago acaba de xubilarse.

Que tipo de nomeamento debemos facer para ocupar temporalmente a súa praza?

- A) Un nomeamento de substitución.
- B) Un nomeamento eventual.
- C) Un nomeamento de interinidade.
- D) Un nomeamento de reforzo.

2. O poder das institucións en España provén de:

- A) O pobo español.
- B) Os xuíces.
- C) O Presidente do Goberno.
- D) O Rei.

3. O Presidente da Xunta de Galicia é nomeado por:

- A) O Presidente do Goberno de España.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) O Rei de España.
- D) O Delegado do Goberno en Galicia.

4. Se traballas como celador nun hospital, tes a obriga de gardar segredo profesional?

- A) Si.
- B) Non, só os médicos.
- C) Non, só os médicos e o persoal de enfermaría.
- D) Non existe o segredo profesional.

5. O documento que explica como se organiza a prevención de riscos nunha empresa, chámase:

- A) Plan de seguridade.
- B) Plan de emerxencia.
- C) Documento de riscos.
- D) Plan de prevención.

Preguntas de reserva

1. Se traballas como celador nun hospital, podes consultar a historia clínica dos pacientes?

- A) Si, para estar informado sobre a enfermidade dos pacientes.
- B) Si, pero teño que gardar segredo profesional.
- C) Si, coa autorización do médico.
- D) Non, é información privada do paciente.